



## ACTA

**Expediente núm.:**

PLN/2020/22

**Órgano colexiado:**

O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria**

Extraordinaria  
Motivo: «Para cumprimento de prazos para a execución dos expedientes incluídos na orde do día, ante a finalización do presente ano»

**Data**

21 de decembro de 2020

**Duración**

Desde as 20:38 ata as 21:11 horas

**Lugar**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por**

JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

**Secretaria**

MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 11/01/2021  
HASH: 3c3c3b714c6f90b105bbad7e16a030ad7



María Jesusa Fernandez Bascuas (2 para 2)  
SECRETARIA  
Data de Sinatura: 11/01/2021  
HASH: 9c66dab39ac2679d284879ed4de7630a



**ACTA DO PLENO**  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFMHCTM55P7SL6ZNTMRC6 | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 26



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	LUIS MANUEL LOZANO LORENZO (Interventor acctal.)	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE DECEMBRO DE 2020

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2020, pide a palabra o voceiro do grupo político municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar o bochorno que lle produce ler este borrador da acta debido aos enfrontamentos que se produciron nesa sesión, ademais quere lembrar que cando se tratou o punto relativo ao expediente 3246/2020: DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, EN RELACIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (BNG) SOBRE O DEREITO Á VIVENDA, na súa intervención propuxo aos demais grupos políticos deixar o asunto sobre a mesa por mor da ausencia da voceira do grupo Mixto (BNG) e levalo a outra sesión plenaria, e, abeiro do disposto no artigo 92.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento, considera que deberíase haber votado esa proposta e despois pasar a votar sobre o fondo do asunto, sen embargo non se fixo, pasándose directamente a votar a proposta da moción. Polo anterior, pide que se faga constar dentro da acta da sesión do pasado día 3 de decembro esta irregularidade, ou ben dentro da que sexa redactada con motivo da actual sesión.

Responde o **Sr. Alcalde** que cando se tratou o nomeado asunto procedeuse a votar

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFCOMHCTM55PTSL5ZNTMRC6 | Corrección: <https://aes.trata.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 26



a proposta, previo ditame da Comisión Informativa, e que se incluía na orde do día, xa que, en ningún momento houbo unha emenda a esa moción ou proposta que se estaba a tratar, tan só o voceiro do grupo socialista lanzou unha proposta que nin se debateu e non había lugar a votala. Polo tanto, considera que non era obxecto de votación, porque non foi presentada previamente ao Pleno nin se formulou como unha emenda que puidera ser debatida e votada.

O **Sr. López Bueno** reitera o disposto no nomeado artigo 90.2, o cal recolle que calquera concelleiro pode facer esa proposta de retirar da orde do día un asunto e deixalo enriba da mesa e non votar un punto concreto do pleno, e, unha vez feita esa proposta, o devandito artigo di que débese votar a proposta de retirar da orde do día o asunto a tratar e, en caso de ser rexeitada, votaríase o fondo da proposta inicial.

O **Sr. Alcalde** di que queda constancia da cuestión exposta polo voceiro do grupo socialista, pasando a votar a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Pleno o 3 de decembro de 2020, a cal é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**Expediente 4958/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, EN RELACIÓN COA PROPOSTA PARA A ADHESIÓN AO CONVENIO ASINADO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP RELATIVO Á TRAMITACIÓN DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES COVID-19**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto, toma a palabra o Concelleiro delegado e voceiro do grupo de goberno **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen expón que estamos ante unha proposta de adhesión ao Convenio asinado entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a FEGAMP para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19; esta adhesión aportará unha serie de vantaxes ao noso Concello, sobre todo porque non temos persoal suficiente para o desemprego deste tipo de funcións.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que é certo que con esta adhesión simplifícanse as tarefas municipais á hora de tramitar as multas polo COVID-19 e o seu grupo está de acordo coas consideracións recollidas no informe de Intervención sobre a incerteza dos pagamentos que haberá que facer á Xunta de Galicia, considerando que é un problema derivado da mala redacción do acordo adoptado pola FEGAMP e a Xunta, non deixando claro o importe deses pagamentos, a maneira da súa formalización, etc., pero considera que é un defecto na redacción do antedito Convenio. Di que no expediente nota a falta dun informe que se pronuncie sobre a capacidade do persoal municipal e sobre a

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZQMHCTM55PTSL6ZNTMRC6 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 26



capacidade en material de recursos humanos para asumir esa xestión.  
A pesares do anterior, a adhesión a este Convenio o considera beneficioso para o Concello e, por esa razón, o seu grupo votará a favor.

Pide intervir a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para facer constar que o seu grupo votará a favor desta proposta.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando o seu voto a favor da proposta por considerar necesaria e beneficiosa esta adhesión.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 4 de decembro de 2020, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o Convenio asinado entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a FEGAMP para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.

Visto o interese deste Concello de adherirse formalmente ao devandito Convenio toda vez que non se dispón na plantilla de persoal de traballadores suficientes para acometer tal tramitación.

Visto o informe de Secretaría de 10 de decembro de 2020.

Visto o informe de Intervención de 10 de decembro de 2020.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 15/12/2020.

E ao abeiro do debatido nesta sesión,

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio asinado entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a FEGAMP para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos Concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19

**Segundo.-** Asumir as obrigas e compromisos que se deriven do nomeado Convenio con suxeición plena a todas elas.

**Expediente 5000/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVO Á APROBACIÓN DA RENOVACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA AOS EFECTOS DA SÚA ADAPTACIÓN Á LEXISLACIÓN APLICABLE EN VIGOR.**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFMHCTM55PTSL6ZNTWR06 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 26



**Favorable**                    **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen explica que a proposta que se somete a debate e votación consiste na aprobación dos novos Estatutos da Fundación Cultural da Estrada, modificados para a súa adaptación ao disposto nos Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de intereses galego; e Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que estamos ante a obriga de adaptar os Estatutos da Fundación Cultural á normativa aplicable en vigor, aínda que debería haber feito antes, pero como considera que este asunto xa se debateu suficientemente nas sesións celebradas polo Padroado da Fundación e pola Comisión Informativa, entón remítese ao manifestado nas mesmas e transmite o voto a favor desta proposta.

Pide a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen traslada o voto a favor do seu grupo.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, di que o seu grupo tamén votará a favor da proposta que se está a tratar.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o acordo adoptado polo Pleno en sesión do 8 de abril de 1994, polo que se aproba a creación da Fundación Cultural da Estrada e dos seus Estatutos.

Visto o acordo Plenario de 12 de xaneiro de 2004 polo que se aproba a modificación dos nomeados Estatutos, elevado a Escritura Pública nº 960 de 05/08/2004.

Vista a necesidade de adaptar os Estatutos da Fundación Cultural da Estrada ao disposto nos Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de intereses galego; e Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Visto o borrador dos Estatutos da Fundación Cultural da Estrada, xa adaptados á normativa anteriormente mencionada.

Visto o certificado do acordo adoptado polo Padroado da Fundación Cultural da Estrada na reunión celebrada o 03/12/2020.

Visto o ditame acadado pola Comisión de Cultura e Deportes, na sesión celebrada o 15/12/2020.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

**ACORDAMOS:**

Aprobar os novos Estatutos da Fundación Cultural da Estrada, modificados para a súa adaptación ao disposto nos Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de intereses galego; e Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e que se transcribe a continuación:

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2020-0021    Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFCMHCTM55PTSL6ZNTMRC6 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Aesstona esp-Ubico | Páxina 5 a 26



EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

## "ESTATUTOS DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA"

### TÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1. Denominación e natureza

*Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de "Fundación Cultural da Estrada", constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.*

#### Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación

*O domicilio da Fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (avenida de Benito Vigo, 94, A Estrada, Pontevedra). O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.*

*A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.*

#### Artigo 3. Personalidade e capacidade

*A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.*

#### Artigo 4. Duración

*A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da Fundación se consideraren cumpridos, ou for imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.*

#### Artigo 5. Réxime normativo

*A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o Padroado e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.*

*Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOHCTM55PTS16ZNTMRC6 | Corrección: <https://sestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 26



*Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.*

## TÍTULO SEGUNDO OBJECTO DA FUNDACIÓN

### Artigo 6. Fins

*A Fundación ten por obxecto destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial a que a súa denominación e fins se contraen. En xeral, son fins da Fundación:*

- a. A promoción e difusión de actividades culturais.*
- b. A promoción, difusión e defensa da lingua galega.*
- c. A promoción de actividades educativas e formativas.*
- d. A contribución e fomento da sociedade da información e do coñecemento e a implantación tecnolóxica que facilite este fin como a instalación e explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.*
- e. A investigación científica.*
- f. Diseñar, promover e realizar, de forma directa ou concertada, programas de integración social, prestacións sociais, promoción económica e fomento do emprego e todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello da Estrada leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa Política Social, de Asistencia social e Axuda Humanitaria, de Promoción e Desenvolvemento Económico e Empresarial, e de Emprego*
- g. Calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento destas actividades na Estrada e no seu ámbito de actuación.*

*O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.*

### Artigo 7. Actividades fundacionais

*Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:*

- a. Establecer as estruturas organizativas atinentes.*
- b. Facilitar intercambios de información mutua.*
- c. Constituír servizos de asesoramento para as persoas membros e organizar xornadas de estudo e orientación.*
- d. Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oída na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores a que estes estatutos se contraen.*
- e. Promover estudos e publicacións.*
- f. Calquera outra que afecte ou incida nos fins estatutariamente establecidos.*

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOMHCTM55P7SL6ZNTMRC6 | Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal>

Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 20



*A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.*

#### *Artigo 8. Liberdade de actuación*

*O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis adecuados ou convenientes en cada momento.*

### TÍTULO TERCEIRO

#### REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINES FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

#### *Artigo 9. Destino das rendas e ingresos*

*A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.*

*Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, e o resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.*

*O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio.*

*Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.*

#### *Artigo 10. Publicidade das actividades*

*O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.*

#### *Artigo 11. Beneficiarios e beneficiarias*

*Os fins da Fundación están dirixidos, con carácter xenérico, ás seguintes colectividades de persoas:*

*a) A todas as persoas e colectividades que poidan beneficiarse ou participar das distintas actividades da Fundación.*

*A determinación dos beneficiarios será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.*

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JX5ZFGMHCTM55FTSL6ZNTMRC6 | Corrección: <https://sede.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona t3@pUBLICO | Páxina 8 a 26





As regras básicas para a determinación dos beneficiarios son as seguintes:

- a) Que formen parte do sector atendido pola Fundación.
- b) Que demanden a prestación ou servizos que a Fundación poida ofrecer.
- c) Que sexan acredores da prestación por razón dos seus méritos, capacidade, necesidade ou conveniencia.
- d) Que cumpran outros requirimentos que, complementariamente, poida acordar o Padroado, específicos para cada convocatoria.

#### TÍTULO CUARTO

#### ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN

##### I - ÓRGANOS DE GOBERNO

###### Artigo 12. O Padroado

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

O Padroado é soberano no cumprimento da súa misión, sen prexuízo de que o protectorado exerza as facultades que as leis lle atribúen sobre as fundacións privadas. No exercicio das súas funcións, o Padroado poderá levar a cabo toda clase de actos e negocios xurídicos, sen máis requisitos e formalidades que as establecidas nas leis.

###### Artigo 13. Carácter gratuíto do cargo de patrón/patroa

Os patróns e patroas exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificados que o desempeño da súa función lles ocasione.

###### Artigo 14. Composición

O Padroado estará composto por (8) membros

Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.

As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa física que as represente.

#### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOHCTMS5P7SL6ZNTVMRC6 | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 26



*Os patróns que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón designado por el ou ela.*

#### *Artigo 15. Regras para a designación e substitución dos seus membros*

*A designación dos membros que integren o primeiro Padroado será efectuada polos fundadores e constará na escritura de constitución.*

*A designación de novos membros será realizada pola Corporación municipal do Excmo. Concello da Estrada en sesión plenaria, procedéndose á súa incorporación ao Padroado, nunha sesión ordinaria do mesmo posterior á súa designación no Pleno. Previamente, os grupos políticos que teñan representación no Pleno, deberán propoñer ós seus representantes mediante escrito dirixido ao/á Presidente ou Presidenta, e presentado no rexistro de entrada do Excmo. Concello da Estrada.*

*Os membros do Padroado desempeñarán as súas funcións por períodos iguais ás lexislaturas ata cando expire o mandato representativo para o que as persoas pertencentes ao mesmo foron elixidas, renovarase ao inicio de cada lexislatura e poderán ser reelixidos.*

*Rematada unha lexislatura, os membros do Padroado seguirán desempeñando as súas funcións ata que se designen as novas persoas representantes por parte da corporación municipal no inicio da nova lexislatura.*

*Os membros do Padroado presentarán a súa renuncia por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.*

#### *Artigo 16. Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro*

*Os patróns entrarán a exercer as súas funcións logo de aceptaren expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado incorporándose a unha sesión ordinaria do Padroado despois do acordo de nomeamento en sesión plenaria da corporación municipal. Acreditarase mediante certificación expedida polo secretario ou secretaria co visto e prace do presidente/a.*

*A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación serán notificadas polo Padroado ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

#### *Artigo 17. Organización do Padroado*

*-O presidente ou presidenta (alcalde ou alcaldesa do Concello da Estrada).*

*-Sete (7) vogais designados libremente en sesión plenaria por parte dos grupos políticos que integran a Corporación municipal do Concello da Estrada, respectando a proporcionalidade no pleno.*

*-O secretario ou secretaria designado/a libremente en sesión plenaria do Concello da Estrada, con voz e voto se é elixido/a de entre os membros do padroado, ou con voz pero sen voto se esta función recae nunha persoa allea.*

*O Padroado poderá designar os seguintes cargos:*

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFMHCTM65P TSL6ZNTMPC6 | Corrección: https://estrada.sedelectronica.gal  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 26



*-Un vicepresidente ou vicepresidenta de entre os seus membros vogais.*

*-Un tesoureiro ou tesoureira, podendo ser unha das persoas vogais ou unha persoa allea ao padroado mediante apoderamento inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que neste caso contará con voz pero sen voto nas reunións do padroado.*

*O padroado tamén poderá designar un secretario ou secretaria suplente coas mesmas prerrogativas que o/a titular.*

#### *Artigo 18. O Presidente ou Presidenta*

*Ao Presidente ou Presidenta correspóndelle exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; exercer toda clase de accións encamiñadas á defensa dos intereses da Fundación; acordar a convocatoria das reunións do Padroado; fixar a orde do día; presidir as reunións; dirixir e moderar os debates; someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin; ordenar pagamentos; e todas as facultades que non estean asignadas a outros órganos da Fundación.*

*O/a Presidente/a dispón de voto de calidade para resolver os empates que se poidan producir nas votacións das reunións do Padroado.*

#### *Artigo 19. O vicepresidente ou vicepresidenta*

*Corresponderalle ao/á vicepresidente/a realizar as funcións do/a presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, alén das funcións que lle delegue o presidente ou presidenta. Tamén poderá actuar en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.*

#### *Artigo 20. O secretario ou secretaria*

*Son funcións do secretario ou secretaria:*

- a. Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.*
- b. Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte do Padroado, ou só con voz en caso contrario.*
- c. Custodiar a documentación da Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.*
- d. Expedir as certificacións co visto e prace da presidencia, en relación cos acordos adoptados polo Padroado.*
- e. Desempeñar a xefatura da Secretaría e dos servizos xurídico-administrativos.*
- f. Asistir e colaborar cos órganos unipersoais e colexiados da Fundación.*
- g. Calquera outra inherente á súa condición de secretario/a, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.*

#### *Artigo 21. O tesoureiro ou tesoureira*

*Son funcións do tesoureiro ou tesoureira:*

- a. O/a tesoureiro/a contador/a exerce as funcións económico-financeiras.*
- b. Elabora, de acordo co presidente ou presidenta, os anteproxectos de*

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOHCHTM55FTSL6ZNTMRC6 | Corrección: https://eestrada.sedelectronica.gal  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 26



*orçamento e as contas xerais anuais.*

- c. Intervén os gastos e pagamentos.*
- d. Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte do Padroado, ou só con voz en caso contrario.*
- e. Desempeña as demais tarefas inherentes á función fiscalizadora e contable.*

*En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o padroado poderá delegar estas funcións ben noutro vogal membro do padroado ou ben apoderar a unha persoa allea a este.*

#### **Artigo 22. Facultades do Padroado**

*Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.*

*Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título enunciativo, serán facultades do Padroado:*

- a. Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.*
- b. Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, de ser o caso, adoptar acordos de proposta sobre a súa modificación para a súa aprobación no pleno da corporación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.*
- c. Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.*
- d. Crear ou rescindir as distintas actividades nas que se dividen as distintas áreas de actuación da Fundación.*
- e. Aprobar as propostas e melloras técnicas de obras que se consideren oportunas.*
- f. Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións*
- g. Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.*
- h. Aprobar e supervisar os plans de actuación das distintas actividades e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.*
- i. Aprobar a programación de cada actividade.*
- j. Aprobar os orzamentos.*
- k. Nomear unha vicepresidencia, unha persoa secretaria e unha persoa tesoureira.*
- l. Nomear as persoas xerentes.*
- m. Realizar a elección do persoal.*
- n. Delegar as súas facultades nun ou máis patróns ou patroas, sen que poidan ser obxecto de delegación:*
  - i. A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.*
  - ii. A proposta de modificación dos estatutos.*
  - iii. O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.*
  - iv. Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.*

#### **Artigo 23. Obrigas e dereitos dos membros do Padroado**

*Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos. Son obrigas:*

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOMHCTM5P7SL6ZNTMRC6S | Corrección: <https://sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 26



- a. *Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais de acordo cos estatutos da Fundación.*
- b. *Administrar e conservar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.*
- c. *Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.*
- d. *Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

*Son dereitos dos membros do Padroado:*

- a. *Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.*
- b. *Exercer o dereito de voto.*
- c. *Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.*

#### **Artigo 24. Responsabilidades dos patróns**

*Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.*

*Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.*

#### **Artigo 25. Cesamento e suspensión dos membros do Padroado**

*O cesamento e suspensión dos membros do Padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e ademais polas seguintes causas:*

- a. *Petición de cesamento realizada pola persoa interesada, mediante escrito dirixido ó Presidente ou á Presidenta, presentado no rexistro de entrada do Excmo. Concello da Estrada e no rexistro da Fundación.*
- b. *Cando expire o mandato representativo para o que as persoas pertencentes ao Padroado foron elixidas. Con todo, seguirán desempeñando as súas funcións ata que se designen as novas persoas representantes.*
- c. *Cando así o acorden os grupos políticos a que representan, debendo comunicar o cese ou suspensión mediante escrito dirixido ó Presidente ou á Presidenta, presentado no rexistro de entrada do Excmo. Concello da Estrada e no rexistro da Fundación.*
- d. *Por morte, inhabilitación ou incompatibilidade.*
- e. *Por ter unha condena, con sentenza firme, como consecuencia do exercicio da acción fundacional de responsabilidade.*
- f. *Por deixar de desempeñar o cargo en razón do que as persoas membros foron designadas, sen prexuízo da súa reelección.*
- g. *Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.*
- h. *Por causa dunha remoción acordada pola persoa fundadora, polo órgano de goberno da Fundación, a instancia do Protectorado e coa tramitación previa do expediente.*
- i. *Polas demais causas establecidas nos estatutos.*

*A renuncia ao cargo de patrón poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.*

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cód. Validación: JXSZFOJMHCTM55PTSL6ZNTMRC8 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xesiona Esp-Ufficio | Páxina 13 a 26



O cesamento e a suspensión dos membros do Padroado comunicaráselle ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.

#### Artigo 26. Reunións do Padroado

O Padroado reunirse en sesión ordinaria, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. O Padroado poderá reunirse en sesión extraordinaria tantas veces como o considere oportuno o presidente ou presidenta da Fundación. Corresponde ao presidente ou presidenta ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.

A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da reunión. Cursarase por escrito, vía mail ou mediante plataforma de administración electrónica e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. As sesións extraordinarias poden ser urxentes e cumprirá, para convocalas, unha resolución motivada da Presidencia, mais non é necesario neste caso un tempo mínimo entre a convocatoria e a realización da sesión. Tamén se realizarán sesións extraordinarias cando o soliciten, polo menos, as dúas terceiras partes integrantes do Padroado. Neste último caso a reunión solicitada deberase convocar e realizar no prazo de 15 días desde a petición.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os padroeiros, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.

#### Artigo 27. Formas de deliberar e adoptar acordos

O Padroado entenderase validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes; en caso de empate será dirimente o voto do Presidente ou Presidenta. Non obstante, cumprirá un acordo motivado de dous terzos dos membros presentes que deberán constituír, ademais, unha maioría absoluta do número de membros de que se compón o Padroado para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, e á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión ou á extinción da Fundación.

As votacións serán ordenadas, agás que a maioría dos membros presentes soliciten que sexan segregadas e sen prexuízo do que determine o Regulamento de réxime interno. Calquera persoa integrante do Padroado ten dereito a que se especifique na acta o sentido do seu voto, se así o pide expresamente.

Nas sesións só se poderán resolver os asuntos incluídos na orde do día, agás se se declara un tema de urxencia, caso en que será preciso o voto da metade máis un dos membros presentes. Das reunións do Padroado elaborará a acta a persoa secretaria, que deberá ser subscribida por todos os membros presentes e aprobada na mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do Presidente ou Presidenta.

#### II - ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN

#### Artigo 28. Consellos asesores

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: IXSZFQMHC1M55PTS16ZNTMRC6 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 26



*desenvolvemento dos fins fundacionais.*

*A creación, modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, deberán ser notificadas ao protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións.*

#### **Artigo 29. Xerente/s**

*O Padroado poderá acordar a contratación ou designación dunha ou máis persoas directoras/xerentes con competencias en materia de xestión e administración da Fundación ou das diferentes actividades da Fundación. A súa designación e cesamento deben ser notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións.*

*Corresponderalle á persoa directora/xerente de cada unha das actividades a súa xestión e a administración económica, nos termos previstos na lexislación vixente, nos presentes estatutos, no Regulamento interno do Padroado e conforme aos poderes, xerais ou especiais, delegados polo Padroado, dentro das cantidades que se consignent nos orzamentos para cada actividade.*

*As persoas xerentes son elixidas polo Padroado nunha sesión onde se reflicta nun punto da orde do día esta finalidade e por maioría absoluta dos membros asistentes.*

*As persoas xerentes poderán percibir remuneración axeitada ás funcións desempeñadas.*

*Se as persoas xerentes fosen membros do órgano de goberno, non poderán percibir remuneración algunha polas funcións de xerencia.*

*Calquera das persoas integrantes do Padroado poderá propoñer a persoa que, ao seu xuízo, sexa a idónea para ostentar a xerencia.*

*As persoas xerentes poderán ser destituídas polo Padroado en calquera momento, para o que será necesario un acordo adoptado por maioría absoluta.*

*Correspóndelles as persoas xerentes:*

- a. Preparar e executar a programación da actividade da súa competencia.*
- b. Elaborar os anteproxectos de programación.*
- c. Coidar o bo funcionamento e conservación dos medios materiais postos á súa disposición.*
- d. Xestionar os orzamentos na parte correspondente á súa actividade.*
- e. Executar os acordos que lle encomenden os órganos da Fundación.*
- f. Exercer a responsabilidade directa sobre o persoal contratado ou as persoas colaboradoras da súa actividade.*
- g. Preparar a memoria e o estado de contas anuais para a súa aprobación por parte do Padroado da Fundación.*
- h. Relacións públicas e institucionais.*
- i. Arquivo e documentación.*
- j. Asinar a correspondencia, os recibos, as facturas e, en xeral, todos os documentos que sexan precisos para a boa marcha da actividade.*
- k. Asistir ás reunións do Padroado, con voz e sen voto.*
- l. Propoñerlle ao Padroado todas as medidas que considere precisas ou axeitadas para a boa marcha da súa actividade.*

#### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOHCHTM55PTS16ZNTMRC6 | Corrección: <https://sedeprada.es/electronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 26



m. Adoptar resolucións de trámite e todas as determinacións que sexan precisas ou indispensables para o mellor desenvolvemento e funcionamento da súa actividade.

As facultades de administración e xestión efectiva das actividades da Fundación encoméndanselles ás persoas xerentes.

## TÍTULO QUINTO RÉXIME ECONÓMICO

### Artigo 30. Patrimonio fundacional

O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

### Artigo 31. Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

### Artigo 32. Financiamento

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso, con aqueloutros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:

- Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- Non sexa contrario á vontade fundacional.
- Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

### Artigo 33. Plan de actuación

O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación en que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa del. O dito plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOMHCHTM55PTSJL6ZNTMRC6 | Corrección: <https://sede.estrada.es/electronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 26





#### Artigo 34. Contas anuais

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno da entidade, o cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres (3) primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentaranse, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.

#### Artigo 35. Exercicio económico

O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural. Poderá establecerse que non coincida co ano natural, sempre que a súa duración sexa anual e previa aprobación polo Padroado e comunicación ao Protectorado.

### TÍTULO SEXTO DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN

#### Artigo 36. Modificación de estatutos

Por acordo do Padroado poderase promover a modificación dos presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente. Para promover a modificación destes estatutos cumprirá un acordo motivado de dous terzos dos membros presentes que deberán constituír, ademais, unha maioría absoluta do número de membros de que se compón o Padroado. Cumprirá realizar unha exposición razoada e xustificar as causas determinantes, o contido da modificación, os textos que substituirán os presentes estatutos e o estudo económico da súa viabilidade.

Procederase á dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación teñan variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

O Padroado terá a obriga de dar conta ao Pleno Municipal da aprobación da modificación estatutaria.

#### Artigo 37. Fusión e/ou escisión

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos Padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos. En calquera caso, calquera acordo desta índole, será ratificado polo Pleno do Concello.

#### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JX5ZFCMHCTM55PTS16ZNTMRC6 | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 26



### Artigo 38. Extinción da Fundación

A Fundación extinguirase polas causas legal e estatutariamente establecidas e de acordo cos procedementos previstos na normativa vixente.

O acordo de disolución da Fundación terao que adoptar o Padroado nunha sesión extraordinaria e especial convocada para esta finalidade. Para facela efectiva cumprirá que a apoien por maioría dous terzos dos membros presentes.

Os supostos en que se poderá disolver a Fundación son os seguintes:

- a. Cando as disposicións da carta fundacional ou dos presentes estatutos sexan revocadas, alteradas ou modificadas por persoas, autoridades ou xurisdicións diferentes do Padroado e sen o seu expreso coñecemento.
- b. No caso de que calquera organismo público, autoridade ou xurisdición pretendese intervir, minguar, alterar, modificar, contrariar ou non respectar, non observar, non cumprir ou non gardar a vontade fundacional reflectida nestes estatutos e na escritura fundacional.
- c. Se, por causa da insuficiencia dos medios de que dispón a Fundación ou por calquera outra razón, resultase imposible o cumprimento do fin fundacional, agás que, de acordo coas previsións destes estatutos e da carta fundacional, o Padroado acordase a modificación dos estatutos por maioría de dous terzos dos seus membros.
- d. Calquera outra causa debidamente ponderada e acreditada.
- e. As establecidas no Código civil.

En calquera caso, calquera acordo desta índole, será comunicado ao Pleno Municipal do Concello da Estrada.

### Artigo 39. Liquidación e adxudicación

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas, privadas ou públicas, que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente. Así, unha vez disolta a Fundación, o Concello da Estrada recuperará todo o seu patrimonio e as achegas realizadas no estado en que se atoparen. As vendas que se produciren aplicaranse á realización de fins análogos de interese para o municipio ou para a provincia e consonte o artigo 39 do Código civil.

### Artigo 40. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro

Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación será necesario o voto favorable de dous terzos, que constitúan maioría, das persoas membros do Padroado.

Os ditos acordos serán ratificados polo Concello da Estrada e comunicados e/ou autorizados ante o Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: IXSZFOMHCTM55PTSL6ZNTM4KCS | Corrección: <https://sestrada.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestione.es@publico | Páxina 18 a 26



### CLÁUSULA ADICIONAL

*O contido destes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao Protectorado.*

*A interpretación do establecido nestes estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial que, así mesmo, será aplicable no non previsto neles."*

### **Expediente 4348/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE, RELATIVO Á INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA CESIÓN GRATUÍTA AO ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DUN BEN INMOBLE.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 20, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Para explicar este asunto, toma a palabra o Concelleiro delegado de Rural, **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen di que estamos ante a cesión ao Arcebispado de Santiago de Compostela dunha parcela descrita como a finca 500 do polígono 4, destinada a masa común no sitio de Outeiro, parroquia de Ribeira, cunha superficie de 1500 m<sup>2</sup>; dita parcela está rodeada pola leira pertencente ao dito Arcebispado e que contén parte do cemiterio da parroquia de Ribeira, polo que é preciso ceder esta masa común co fin de ampliar dito cemiterio, unificar as fincas e proceder ao seu rexistro.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, agradecendo ao Concelleiro delegado do Rural a celeridade en que tramitou este expediente e pola corrección dunha serie de erros existentes nas propostas iniciais, sen embargo, non se tivo en conta a proposta do seu grupo para que no informe xurídico emitido se observaran dous artigos fundamentais á hora desta cesión, en concreto o artigo 93.3 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, que dispón que non se pode facer unha cesión de terreos de titularidade pública sen límite temporal, e o artigo 137.4 da mesma Lei e que habilita o poder facer unha cesión nominativa gratuíta; debido ao anterior, considera que o acordo que se quere adoptar será nulo ou anulable por ser manifestamente ilegal.

Continúa dicindo que, en calquera caso, por considerar que se trata dun terreo propiedade deste Concello e que non é produtivo nestes momentos, que a cesión é por solicitude e en beneficio dos nosos veciños da parroquia de Ribeira e, ademais, que este é o procedemento máis sinxelo para levar a cabo esta cesión, o seu grupo votará a favor.

O Sr. Alcalde outorga a palabra á Sra. Secretaria, **Dna. M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas**, aos efectos de dar contestación ao manifestado sobre a nulidade do informe xurídico, a estes efectos a Sra. Secretaria aclara que estamos ante a cesión dun ben patrimonial e non dun ben demanial, polo que non é de aplicación o artigo 93.3 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, polo tanto, en caso de ser un ben demanial non se podería ceder, senón que o procedemento sería unha concesión, pero como estamos ante un ben patrimonial entón é unha cesión.

Pide a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para aclarar que está de

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JX5Z7QMHCMTM55PTSL6ZNTMRC6 | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esP-Ublico | Páxina 19 a 26



acordo co asunto a tratar porque é en beneficio da nosa veciñanza.

Aproveita para deixar constancia da necesidade dos nosos veciños para que se habilite un cemiterio civil para aquelas persoas que non profesan a nosa relixión.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que lle parece ben o darlle resposta ás necesidade dos veciños/as, sen embargo lle parece unha mágoa que sendo este Concello propietario duns terreos públicos non sexa este o que teña a iniciativa de construír un cemiterio municipal e así dar cumprimento ao desexo de moitas persoas para poder enterrarse nun lugar non consagrado ao abeiro das súas ideoloxías e optar a uns prezos máis adquiribles.

Tamén considera que a cesión desta parcela a unha entidade privada con moitas vantaxes fiscais, como é o Arcebispado, non lle parece moi correcto, sendo esta a causa pola que votará en contra desta cesión.

O **Sr. Alcalde** di que oxalá se fora áxil na xestión deste expediente, porque a primeira reunión que se mantivo cos veciños de Ribeira sobre a ampliación do seu cemiterio, foi problemática, porque cando se iniciou, os veciños habían abonado unha cantidade importante, sen embargo a tramitación complicouse cando chegou a Patrimonio; pero coa modificación da Lei de Patrimonio facilitou este tipo de actuacións mediante a solicitude de ampliación do cemiterio.

Contestando á Sra. Camba Castro, di que a parcela xa está construída, xa hai nichos nela, sendo o problema que se estaba a arrastrar, polo que non estamos a falar da cesión dunha finca baldeira, porque fai xa 30 anos o cemiterio inicial ocupaba esta parcela, despois, con motivo da parcelaria, este terreo quedou como masa común, levando xa moitos anos intentando resolver este problema por varias vías, chegándose ao día de hoxe en que a solución viable é agrupar esta parcela á outra que a circunda e que é propiedade do Arcebispado de Santiago de Compostela, e para esta agrupación é necesaria a previa cesión; polo tanto, considera que a vía que se está a levar é limpa, xuridicamente segura e que permitirá que por fin, despois de máis de quince anos de loita, os veciños da parroquia de Ribeira teñan esa ampliación do cemiterio que tanto demandaban e necesitaban.

No que respecta á construción dun cemiterio civil, considera inviable que este Concello se plantexe a construción dun en cada unha das 51 parroquias que forman o noso municipio; iso non quere dicir que no futuro se acometa esta iniciativa, grazas a que o PXOM o recolle.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose polos votos a favor dos grupos do Partido Popular, Socialista e Móvete, e en contra do grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 02/12/2020 de incoación de expediente para a cesión gratuíta ao Arzobispado de Santiago de Compostela do ben inmovible: Finca 500 do polígono 4 destinada a masa común no sitio de Outeiro, parroquia de Ribeira. Sinatura de inscrición no Rexistro da Propiedade: Finca nº 82336, Tomo 774, Libro 641, Folio 20, Inscrición: 2ª, IDUFIR: 36004000618574.

Vista a solicitude realizada Arzobispado de Santiago de Compostela en data 26 de outubro de 2020 (Rexistro de Entrada 2020-e-RC- 8874)

Vista a nota simple do Rexistro da Propiedade de data 2 de xullo de 2020.

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSFQAMHCTM55PTSL6ZNTMRCG | Corrección: <https://easirmda.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 20 a 26



Visto o Título de propiedade da finca n.º 500 da Concentración Parcelaria de Ribeira – A Estrada.

Visto o Certificado de Secretaría do acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2019 pola que se acorda a inscrición da finca no epígrafe correspondente do Inventario de Bens.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 23 de novembro de 2020.

Visto o Informe de Secretaría de data 24 de novembro de 2020.

Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 24 de novembro de 2020.

Visto o informe de Intervención de data 2 de decembro de 2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente na súa sesión celebrada o 15 de decembro de 2020.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Incoar o expediente para ceder gratuitamente a favor do Arcebispado de Santiago de Compostela o seguinte ben inmovible:

- Finca 500 do polígono 4 destinada a masa común no sitio de Outeiro, parroquia de Ribeira.
- Sinatura de inscrición no Rexistro da Propiedade: Finca n.º 82336, Tomo 774, Libro 641, Folio 20, Inscrición: 2ª, IDUFIR: 36004000618574.
- Conta cunha superficie de 10 áreas, 90 centiáreas.
- Linda: Norte coa finca n.º 499 da Igrexa Católica e camiño e construcións; Sur coa finca n.º 499 da Igrexa Católica e camiño; Leste coa finca n.º 499 da Igrexa Católica e camiño e construcións; Oeste coa finca n.º 499 da Igrexa Católica.

**Segundo.-** A cesión non terá límite temporal mentres se manteña o uso de cemiterio. No momento en que deixe de funcionar como cemiterio parroquial, a parcela cedida reverterá ao patrimonio do Concello.

**Terceiro.-** Someter o expediente a un período de información pública polo prazo de 20 días mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [www.estrada.sedelectronica.gal](http://www.estrada.sedelectronica.gal)

**Cuarto.-** No caso de que non se presenten alegacións, o acordo plenario inicial elevarase a definitivo, sen trámite adicional. No caso de existir alegacións, resolveranse polo Pleno Municipal.

**Quinto.-** Remitir o expediente, para o seu coñecemento, á Consellería competente en materia de Administración Local.

**Sexto.-** Facultar ao Sr. Alcalde do Concello da Estrada para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para formalizar a cesión desta parcela.

**Expediente 4819/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOHCHTM55PTSLG2N1MRC6 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 26



## **ESPECIAL DE CONTAS POLO QUE SE PROPÓN A DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS EN VARIOS INMOBLES, A EFECTOS DE BONIFICACIÓN NO IBI.**

**Favorable**                      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para explicar o fondo deste asunto e a súa proposta; a estes efectos, di que estamos ante o recoñecemento a varios contribuíntes, previas a súas solicitudes, da bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles, para o cal é preciso a previa declaración de especial intereses e utilidade municipal das actividades que se desenvolven nos seus inmobles.

Aclara que esta proposta conta co informe favorable da Intervención municipal, que se tratan de cinco solicitudes e que causarán efectos en diferentes anos e, finalmente, contarán cunha bonificación do 95% no IBI.

O voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, di que votarán a favor desta proposta, facendo constar que na previsión inicial de 250 beneficiarios, a día de hoxe hai moi poucos, non cumpríndose a mesma.

A **Sra. Mar Blanco Casais**, voceira do grupo de Móvete, traslada o voto a favor deste asunto.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, tamén traslada o seu voto a favor.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de 26/11/2020, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de data 03/12/2020 en relación co expediente das solicitudes dos contribuíntes que se relacionan máis adiante para obter a bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles,

Vista a documentación en cada caso achegada.

Tendo en conta que este beneficio fiscal require a previa declaración, polo Peno do Concello, do especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas nos inmobles por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego,.

Considerando que o apoio e a promoción da economía estradense requiren medidas de impulso ás actividades do sector primario, como é o caso das explotacións agrícolas e gandeiras realizadas nos respectivos inmobles.

Visto o informes emitidos polo técnico de administración xeral de Intervención.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión e de conformidade coa normativa aplicable,

### **ACORDAMOS:**

Declarar de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas desenvolvidas nos inmobles relacionados no seguinte anexo, para efectos da bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles, a favor dos titulares catastrais respectivos, nas porcentaxes en cada caso indicadas:

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2020-0021    Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSF-QMHC7M55P7SL6ZNTMRC6 | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 26



Declaración con efectos dende o 1 de xaneiro de 2019

[Nº expte.; SOLICITANTE; REFERENCIA CATASTRAL; LUGAR / PARROQUIA; % bonificación]  
1136 / 2019; ENJAMIO LÓPEZ, Eduardo (DNI: ██████████); 36017N502009880000IZ; Os Loureiros-Callobre; 95 %

Declaracións con efectos dende o 1 de xaneiro de 2020

[Nº expte.; SOLICITANTE; REFERENCIA CATASTRAL; LUGAR / PARROQUIA; % bonificación]  
891 / 2019; ALONSO CAMPOS, M<sup>a</sup> del Carmen (DNI: ██████████); 36017K516006320000RD; Constenla-Ribeira; 95 %  
1974 / 2020; FIGUEIRAS REY, Erundina (DNI: ██████████); 36017K502201480000EF; Sestelo-Moreira; 95 %  
2295 / 2020; EIRAS EIRAS, José Ignacio (DNI: ██████████); 36017A058201280001LZ; Valcárceles - S.Xurxo de Veá; 95 %

Declaración con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021

[Nº expte.; SOLICITANTE; REFERENCIA CATASTRAL; LUGAR / PARROQUIA; % bonificación]  
1452 / 2019; SILVA CARAMÉS, M<sup>a</sup> Jesusa (DNI: ██████████); 36017T501000070000SO; Vilar-Ribela; 95 %

**Expediente 4003/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS/RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

Votación 1º punto do Acordo:

- A favor: 12
- Abstencións: 9

Votación 2º punto do Acordo:

- A favor: 12
- En contra: 9

O Sr. **Alcalde**, antes de tratar o presente asunto, informa que, por recomendación da Intervención municipal, neste asunto deberase votar por separado os puntos incluídos na proposta, é dicir, por un lado a desestimación das reclamacións presentadas contra o orzamento municipal e, por outro, a aprobación definitiva do Orzamento para o exercicio 2021.

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comenza explicando que, dentro do prazo de exposición pública da aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2021, foron presentadas dúas reclamacións/alegacións ao mesmo polos sindicatos de UGT e Federación de Empregado Públicos da Unión Sindical Obrera, e, que segundo informe de Intervención, non encaixan dentro dos supostos contemplados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procedendo a explicar que estas reclamacións baséanse na RPT, cando estas afectan ao ámbito laboral, non tendo encaixe dentro dos supostos contemplados na nomeada Lei, toda vez que todas as obrigas recoñecidas polo Concello están cubertas, ademais o informe apoiase nunha sentenza do Tribunal

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JX5ZFC0MHCTM65F7SL6ZVTMRC6 | Corrección: https://aeestrada.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 26



Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, a cal desestima outra reclamación presentada a un anterior Orzamento e coa mesma motivación. Polo anterior esta proposta desestima as dúas reclamacións presentadas coa conseguinte aprobación definitiva do Orzamento para o exercicio 2021.

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, trasladando a súa conformidade co informe emitido pola Intervención municipal, sen embargo, aínda que non é a vía axeitada para presentar reclamacións deste tipo ao Orzamento municipal, entende que as súas motivacións deberíanse valorar por estar ben fundamentadas, e, por esta razón, o seu grupo absterase na votación do punto de rexeitamento das alegacións presentadas.

En canto á aprobación definitiva do Orzamento para o exercicio 2021, votarán en contra para ser coherentes coa votación da súa aprobación inicial.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que, aínda o informe de Intervención é claro en canto ao rexeitamento das alegacións presentadas ao Orzamento, considera que politicamente procedería entrar nun debate sobre o fondo da cuestión, porque os problemas plantexados polos Sindicatos en materia de persoal están enquistados e parece que non van a resolverse facilmente, por esta razón o seu grupo absterase na votación deste punto do acordo.

En canto á aprobación definitiva do Orzamento, coincide co alegado polo voceiro do grupo socialista, polo que o seu voto será en contra.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen di que, en canto ás alegacións, entende e comparte que este non é o canle axeitado para facer unha alegación de tipo laboral, pero entende que a motivación sexa chamar a atención sobre un problema que está enquistado e que, nalgún momento haberá que afrontar e darlle solucións; polo dito o sentido do seu vota en relación con este asunto será a abstención.

En canto á aprobación definitiva do Orzamento para o vindeiro ano 2021, votará en contra.

Non habendo máis intervencións, procédese a votar por separado os acordos incluídos na parte dispositiva:

En canto ao acordo de desestimación das reclamacións contra o orzamento municipal para o exercicio do ano 2021 que presentaron, en calidade de interesados, os sindicatos Unión General de Traballadores, representado por D. José Luis Rey García, e Unión Sindical Obrera, representado por Dna. Lourdes Pedrazuela Bea, por non alegarse ningún dos motivos para tal efecto sinalados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este é aprobado polos votos a favor do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, Móvete e Mixto (BNG).

O acordo de aprobación definitiva do Orzamento municipal para o exercicio 2021, é aprobado polos votos a favor do grupo do Partido Popular e en contra dos grupos do Partido Socialista, Móvete e Mixto (BNG).

Finalmente adóptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 11/12/2020 de

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Codi. Validación: JXSZFQMHCCTM55PTSL5ZNTMRCR | Corrección: <https://es.tradu.selectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestión pública eSP-Ubico | Páxina 24 a 26





resolución de reclamacións e aprobación definitiva do Orzamento municipal para o exercicio 2021.

Visto o expediente 4003/2020, referente ao orzamento municipal para 2021, no que consta o acordo de aprobación inicial do 12/11/2020, así como o anuncio inserido no Boletín oficial da Provincia do 18/11/2020, e as dúas reclamacións presentadas en prazo e informadas por Intervención:

- D. José Luis Rey García, e/r da Federación de servizos públicos da Unión General de Trabajadores; presentada o 09/12/2020 (2020-E-RC-10306) e 10/12/2020 (2020-E-RE-3709)
- Dona Lourdes Pedrazuela Bea, e/r da Federación de empregados públicos da Unión Sindical Obrera; presentada o 10/12/2020 (2020-E-RC-10319).

Visto que, a tenor do informe da Intervención municipal de data 11/12/2020, non concorren nas alegacións presentadas ningunha das tres causas admitidas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais para reclamar contra o orzamento.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 15/12/2020.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión e a fin de completar a tramitación sinalada no artigo 169 do mesmo texto legal,

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Desestimar as reclamacións contra o orzamento municipal para o exercicio do ano 2021 que presentaron, en calidade de interesados, os sindicatos Unión General de Traballadores, representado por D. José Luis Rey García, e Unión Sindical Obrera, representado por Dna. Lourdes Pedrazuela Bea, por non alegarse ningún dos motivos para tal efecto sinalados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o orzamento municipal para o exercicio 2021 nos termos aprobados na sesión plenaria do 12 de novembro de 2020.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

#### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE NOVEMBRO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de novembro de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-1352 ao número 2020-1468 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Antes de finalizar a sesión, o **Sr. Alcalde** agradece o apoio de todos os grupos

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSFQMHC1M55PTSL6ZNTMRC6 | Corrección: <https://sede.estrada.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 26



políticos ante as situacións difíciles que estamos a vivir, esperando que no vindeiro ano 2021 todo mellore e podamos traballar conxuntamente en proxectos que melloren a calidade de vida da nosa veciñanza e, sobre todo, para enfocar o difícil futuro que se nos presenta.

Por último, desexa unhas felices festas de Nadal a todos os presentes, a pesares das limitacións que esta pandemia nos esixe, procedendo a levantar a sesión, sendo as vinte e unha horas once minutos do día do seu comezo.

---

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.*

*De todo o anterior faise cumprimento.*

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**ACTA DO PLENO**

Número: 2020-0021 Data: 11/01/2021



Cod. Validación: JXSZFOHCHTMS6PTSL6ZNTMPC6 | Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 26

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233